



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Relixión 2	Código	652211331	
Titulación	Mstre: Especialidade en Educación Primaria			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
1º e 2º Ciclo	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	3
Idioma				
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento				
Coordinación			Correo electrónico	
Profesorado			Correo electrónico	
Web				
Descrición xeral	Esta asignatura, igual que Relixion.1 e Historia das Relixions forman parte do conxunto de asignaturas de Did. da Relixión Católica, do Plano de Estudos agora extinto das Titulacións de Mestre. Asignatura sen docencia. Para acceder aos contidos e preparar o exame cómpre poñerse en contacto co profesor.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecementos básicos e específicos sobre as distintas disciplinas que ten que impartir no exercicio do seu labor profesional un mestre de Educación Primaria.
A6	Adquisición de destrezas para adoptar metodoloxías activas, participativas e creativas, desenvolver o currículo a partir de situacións significativas para o alumnado, asumir un papel de orientador, facilitador e guía da aprendizaxe, procurar a motivación e o interese do alumnado de Educación Primaria pola aprendizaxe.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B12	Capacidade de selección, de análise, de avaliación e de utilización de distintos recursos na rede e multimedia.
B18	Compromiso ético para o exercicio das tarefas docentes.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecemento dos contidos bíblicos e teolóxicos para ensinar, comprendendo a súa singularidade epistemolóxica e a especificidade da súa didáctica		A1	B6 B12 B18
Adquisición de destrezas para adoptar metodoloxías activas, participativas e creativas, desenvolver o currículo do ensino relixioso escolar a partir de situacións significativas para o alumnado, asumir un papel de orientador, facilitador e guía da aprendizaxe, procurar a motivación e o interese do alumnado de Educación Primaria pola aprendizaxe do feito relixioso en xeral e do cristián e católico en especial..		A6	
Capacidade para ser sensible á nova realidade social, plural, diversa e multicultural e desenvolver estratexias para a inclusión educativa e social, a partir da propia identidade, sendo tolerante comprensivo e comunicado esas actitudes ao alumnado			B5 B6 B12 C4

Contidos	
Temas	Subtemas



1. Psicopedagogía da Relixión	<p>1.1 A singularidade da Pedagogía relixiosa</p> <p>1.2 Un modelo: o Deus pedagogo.</p> <p>1.3 A evolución relixiosa e moral do neno</p> <p>1.4 Interacción do contexto sociocultural e o ensino relixioso escolar (ERE).</p> <p>1.5 Didáctica dos contidos bíblicos.</p>
2. ERE: O ensino relixioso escolar	<p>2.1 A educación e a escola integradora.</p> <p>2.2 O lugar do ERE na escola. Lexitimidade.</p> <p>2.3 Identidade e dificultades do ERE.</p> <p>2.4 O profesor de relixión. Identidade cristiá. A lexislación.</p>
3. O Currículo da área de Relixión Católica en clave de competencias	<p>3.1 A competencia relixiosa e espiritual</p> <p>3.2 O Currículo de Relixión Católica na Educación Infantil na lexislación educativa vixente</p> <p>3.2.1 Obxectivos xerais.</p> <p>3.2.2 Bloques de contido.</p> <p>3.2.3 Materiais e recursos didácticos.</p> <p>3.2.4 Criterios de avaliación.</p>
4. Opcións metodolóxicas	<p>4.1 Materiais e recursos dispoñibles e necesarios.</p> <p>4.2 Programación de Aula no ERE</p> <p>4.2.1 Metodoloxía para a elaboración de programación de aula. Técnicas. Modelos.</p> <p>4.2.2 Elaboración de Unidades Didácticas.</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Discusión dirixida		7	7	14
Proba obxectiva		1	7	8
Sesión maxistral		15	15	30
Traballos tutelados		2	16	18
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida	Ao fío da actualidade, empregando artigos dos xornais e mediante video-forum, faranse nalgúns clases un intercambio de opinións para chegar á elaboración de criterios educativos.
Proba obxectiva	Será a proba final, onde o alumno mostrará a asimilación persoal dos contidos do curso.
Sesión maxistral	Serán as sesións de gran grupo, onde o profesor desenvolverá e ampliará o temario do curso. Dentro delas estarán incluídas as discusións dirixidas.
Traballos tutelados	O alumno fará un traballo persoal, dirixido e asistido polo profesor, para mostrar a súa madurez sobre os temas da área e reflectir sobre as relacións relixión, sociedade e cultura actuais.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Discusión dirixida Proba obxectiva Sesión maxistral Traballos tutelados	<p>Recursos: a prensa e vídeo-forum.</p> <p>Medio complementario de avaliación.</p> <p>As sesións maxistrais a cargo do profesor desenvolverán o temario do curso.</p> <p>Os traballos tutelados serán propostos polo mesmo alumno, pero acordados co profesor e tutelados por este. Contan para a avaliación.</p> <p>Para realizar o traballo tutelado o alumno debe entrevistarse persoalmente co profesor varias veces ao longo de cuatrimestre. O profesor fixará uns prazos para facilitar esta atención personalizada.</p>
--	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva		Exercicio de avaliación final en forma de proba obxectiva sobre os contidos da asignatura.	50
Traballos tutelados		Traballo de madurez, elixido polo alumno e tutelado polo profesor, encamiñado a unha reflexión persoal sobre temas de relixión, sociedade e cultura actual.	50
Outros			

Observacións avaliación

Fontes de información	
Bibliografía básica	<p>GASOL, R e outros, La enseñanza religiosa escolar. Barcelona 1997. Ed. Edebé. Manual básico (libro de texto).EQUIPO EDEBÉ, El currículo del área de Religión y Moral católica. Barcelona, 1996. Ed. Edebé. Manual básico (libro de texto).Arto, A. Psicología evolutiva. Una propuesta educativa. Madrid 1993.COMISIÓN EPISCOPAL DE ENSEÑANZA Y CATEQUESIS. Documentos colectivos del Episcopado español sobre formación religiosa y educación 1981-1985. Madrid 1986.COMISIÓN EPISCOPAL DE ENSEÑANZA Y CATEQUESIS. Orientaciones para la pastoral educativa escolar en las diócesis. Madrid 1992. CRESPO MARCO, V. La evaluación en la enseñanza escolar de la religión. Madrid 1989.ESTEBAN GARCÉS, C. Enseñanza de la religión y Ley de calidad. Madrid 2003.GARCÍA REGIDOR, T. La educación religiosa en la escuela.Madrid 1994.GONZÁLEZ DE CARDEDAL, O. Memorial para un educador con un epílogo para japoneses. Madrid 1981.MARTÍNEZ BLANCO, A. La enseñanza de la Religión en los centros docentes. (A la luz de la Constitución y del Acuerdo con la Santa Sede). Secretariado de Publicaciones de la Universidad de Murcia, 21994.OTERO, H. Propuestas creativas para la clase de relixión. Madrid 1993.SALAS XIMELIS, A. Didáctica de la enseñanza de la Religión. Madrid 1993.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías